



DATOS IDENTIFICATIVOS

Prácticas clínicas I

Materia	Prácticas clínicas I			
Código	V53G140V01208			
Titulación	Grao en Enfermería			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	2	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Departamento da E.U. de Enfermería (Povisa)			
Coordinador/a	Marcial Pérez, José Ángel			
Profesorado	Giráldez Miranda, Esperanza María Maldonado Arroyo, Alfonso Eduardo Marcial Pérez, José Ángel Muíños Álvarez, Alicia			
Correo-e	amarcialperez@yahoo.es			
Web	http://www.cepovisa.com			
Descrición xeral	Materia destinada a adquisición de competencias teórico-prácticas en relación cos coidados e procedementos de Enfermería no ámbito de atención especializada e dos coidados socio-sanitarios.			

Competencias

Código	Descrición
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Ser capaz, no ámbito da enfermaría, de prestar unha atención sanitaria técnica e profesional axeitada ás necesidades de saúde das persoas que atenden, de acordo co estado de desenvolvemento dos coñecementos científicos de cada momento e cos niveis de calidade e seguridade que se establecen nas normas legais e deontolóxicas aplicables.
B3	Saber aplicar os fundamentos e principios técnicos e metodolóxicos da enfermaría.
B6	Aplicar as intervencións da enfermaría na evidencia científica e nos medios dispoñibles.
B7	Saber comprender, sen prexuízos, as persoas, considerando os seus aspectos físicos, psicolóxicos e sociais, como individuos autónomos e independentes, asegurando o respecto ás súas opinións, crenzas e valores, ademais de garantir o dereito á intimidade, a través da confidencialidade e o segredo profesional.
B11	Saber establecer unha comunicación eficaz con pacientes, familias, grupos sociais e compañeiros. Fomentar a formación e información para a saúde.
B12	Aplicar o código ético e deontolóxico da enfermaría española, comprendendo as implicacións éticas da saúde nun contexto mundial en transformación.
B13	Aplicar os principios de financiamento sanitario e sociosanitario e utilizar axeitadamente os recursos dispoñibles.
B15	Ser capaz de traballar co equipo de profesionais como unidade básica na que se estruturan de forma uní ou multidisciplinar e interdisciplinar os profesionais e demais persoal das organizacións asistenciais.
C11	Establecer unha relación empática e respectuosa co paciente e a familia, acorde coa situación da persoa, problema de saúde e etapa de desenvolvemento.
C12	Utilizar estratexias e habilidades que permitan unha comunicación efectiva con pacientes, familias e grupos sociais, así como a expresión das súas preocupacións e intereses.
C18	Coñecer e aplicar os principios que sustentan os coidados integrais de enfermaría.
C22	Promover a participación das persoas, familia e grupos no seu proceso de saúde-enfermidade.
C29	Identificar as necesidades de coidado derivadas dos problemas de saúde.
C31	Realizar as técnicas e procedementos de coidados de enfermaría, establecendo unha relación terapéutica cos enfermos e familiares.
C33	Ter unha actitude cooperativa cos diferentes membros do equipo.
C49	Prestar coidados, garantindo o dereito á dignidade, privacidade, intimidade, confidencialidade e capacidade de decisión do paciente e familia.
C50	Individualizar o coidado considerando a idade, o xénero, as diferenzas culturais, o grupo étnico, as crenzas e valores.
D6	Habilidades nas relacións interpersoais.
D7	Razoamento crítico.

Resultados de aprendizaxe				
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Ser capaz de participar nos cuidados que teñan como finalidade garantir o maior grao de independancia das persoas nas súas necesidades básicas e específicas, na Atención especializada e no ámbito Sociosanitario.	A5	B1 B3 B6 B13	C18 C29 C31 C50	D6 D7 D8
Ser capaz de prestar cuidados ó paciente, establecendo con él/ela e a súa familia, unha actitude empática, e que garanta a confidencialidade, privacidade e dignidade.		B7 B11 B12 B15	C11 C12 C22 C31 C33 C49 C50	D6 D7 D8
Ser capaz de prestar cuidados ó paciente, establecendo con él/ela e a súa familia, unha actitude empática, e que garanta a confidencialidade, privacidade e dignidade.			C11 C12 C22 C33 C49	
Ser capaz de prestar cuidados ó paciente, establecendo con él/ela e a súa familia, unha actitude empática, e que garanta a confidencialidade, privacidade e dignidade.				D6

Contidos

Tema	
Rotatorio de prácticas preprofesionais que permitan a aplicación e adquisición de competencias e dos coñecementos teóricos e metodolóxicos da Enfermaría á práctica clínica, en centros asistenciais e sociosanitarios.	Realización das actividades referidas os períodos de prácticas clínicas nos correspondentes servizos asistenciais. Cuidados da alteración das necesidades básicas. Técnicas e procedementos básicos Realización de Cartafol e Memoria de prácticas.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas clínicas	200	0	200
Eventos científicos	0	10	10
Cartafol/dossier	0	10	10
Informe de prácticas	0	5	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Prácticas clínicas	Rotatorio de prácticas preprofesionais que permitan a aplicación dos coñecementos teóricos e metodolóxicos da Enfermaría á práctica clínica, en centros asistenciais e sociosanitarios.
Eventos científicos	Conferencias, charlas, exposicións, mesas redondas, debates... realizados por poñentes de prestixio, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas clínicas	Presentación e quia do/a estudante no servizo ou unidade onde vai realizalas prácticas curriculares. Visitas regulares o servizo/unidade facendo un seguimento da evolución do/a estudante.
Probas	Descrición
Cartafol/dossier	Axudar e guiar ao estudante na elaboración dun cartafol no que reflexe as características da empresa, institución sanitaria ou sociosanitaria onde realizou as prácticas, e describilas tarefas e funcións desenvolvidas durante o proceso de formación práctica.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Prácticas clínicasAvaliación continua por parte do titor/a correspondente, para identificar as necesidades particulares do estudante (25%), e do equipo/profesionais do servizo (70%), valorando a adquisición das competencias asignadas, seguindo o modelo establecido, que se estrutura en: coñecementos teórico/prácticos, actitudes, habilidades e cumprimento das normas.	95	B3 C11 D6 B11 C12 B15 C33 C49
Cartafol/dossier O estudante presentará ao finalizar o período correspondente o portafolios, no que o estudante refire as características da empresa ou institución pública onde realizou as prácticas, e describe as tarefas e funcións desenvolvidas. Así como as experiencias e traballos realizados durante o proceso de formación. E máis a memoria de prácticas na que o estudante reflicte a súa percepción sobre o grao de cumprimento das competencias e máis a relación mantida cos pacientes/familias e os profesionais.	5	

Outros comentarios sobre a Avaliación

No caso de que o/a estudante non entregue, en tempo e forma o cartafol e a memoria de prácticas, repercutirá negativamente na nota, restándosele en cada un dos casos un 5% da calificación final. Tendo en conta que ás prácticas clínicas I están vinculados dous períodos de prácticas, será necesario acadar unha calificación mínima de catro puntos sobre dez en cada unha das avaliacións para poder facer media coa calificación do outro período incluído nestas prácticas clínicas I. O/a estudante conta a súa disposición cunha normativa de asistencia a prácticas, de obrigado cumprimento, á que poderá acceder a través da páxina web da Escola, no que figura que as prácticas clínicas son de obrigado cumprimento o 100%, polo tanto, as ausencias non xustificadas as prácticas suporán o suspenso e a interrupción inmediata do período, mentres que si se trata de ausencias xustificadas debidamente (segundo a normativa), permitirase un máximo de 4, que serán de recuperación obrigatoria no período establecido para tal fin polo responsable da materia.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

B. Koziar et al, **Técnicas en Enfermería Clínica,**

Lippincott, **Enfermería Práctica,**

B. Koziar, **Fundamentos de Enfermería,**

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Prácticas clínicas II/V53G140V01303

Prácticas clínicas III/V53G140V01306

Prácticas clínicas IV/V53G140V01405

Prácticas clínicas V/V53G140V01406

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Enfermería clínica I/V53G140V01204

Farmacoloxía e dietética/V53G140V01203

Introdución á enfermaría clínica/V53G140V01201

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía humana: Anatomía humana/V53G140V01101

Enfermería comunitaria I/V53G140V01104

Fundamentos de enfermaría/V53G140V01107

Psicoloxía: Psicoloxía/V53G140V01102

Outros comentarios

Consultar normativa de asistencia a prácticas clínicas en la páxina web da Escola de Enfermería (www.cepovisa.com)